

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

EXTRACTO da Resolución do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dos programas de fomento de mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se convocan para o ano 2019, con carácter plurianual (código de procedemento VI422E).

BDNS (Identif.): 467784.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta resolución:

a) As persoas físicas, así como as persoas xurídicas de natureza privada, xa sexan propietarias de vivendas unifamiliares, de edificios de tipoloxía residencial colectiva e das vivendas situadas nestes edificios.

b) As comunidades de persoas propietarias, así como as agrupacións de comunidades de persoas propietarias, constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.

c) As agrupacións de persoas propietarias.

d) As sociedades cooperativas compostas por agrupacións de persoas propietarias de vivendas ou edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de división horizontal, así como por persoas propietarias que conforman comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, constituídas conforme o disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.



e) As empresas construtoras, inquilinas ou concesionarias de edificios, así como as cooperativas, que acrediten a dita condición mediante contrato coa propiedade que lles outorgue a facultade expresa para acometer as obras de rehabilitación obxecto das dúas liñas de axudas previstas nesta resolución.

f) As persoas físicas inquilinas dunha vivenda que asuman, en virtude dun acordo coa persoa arrendadora, o custo das actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pagamento da renda.

2. No caso das axudas da liña A), para obras de mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade, tamén poderán ser beneficiarias as empresas de servizos enerxéticos.

Segundo. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras que rexerán a concesión das axudas dos seguintes programas (código de procedemento VI422E) previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021 (en diante, Plan 2018-2021):

a) Liña A, Programa de fomento de mellora da eficacia enerxética e da sustentabilidade en vivendas; a súa finalidade é financiar obras de mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade, con especial atención á envolvente edificatoria.

b) Liña B, Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas; a súa finalidade é financiar obras de conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse estas liñas de axudas para a anualidade 2019, con carácter plurianual.

3. A concesión das subvencións recollidas nesta resolución tramitarase polo procedemento de concorrencia non competitiva, de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

As bases reguladoras son as contidas nesta resolución.



Cuarto. *Importe*

1. Para a liña A), de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas:

a) A contía unitaria básica da axuda por vivenda unifamiliar non poderá superar os 12.000 euros. A contía máxima da subvención será de 18.000 euros, se na unidade de convivencia da persoa solicitante, propietaria ou inquilina, promotora da actuación e residente na vivenda, hai unha persoa con discapacidade, e de 24.000 euros, se a discapacidade da persoa é dalgún dos seguintes tipos: con parálise cerebral, con enfermidade mental, con discapacidade intelectual ou con discapacidade do desenvolvemento, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 % ou con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

b) A contía máxima da subvención total que se vai conceder por edificio de tipoloxía residencial colectiva ou por vivenda situada neste tipo de edificios en ningún caso poderá superar o importe de multiplicar 8.000 euros por cada vivenda e 80 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos compatibles.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos será necesario que o predio correspondente participe nos custos de execución da actuación.

A contía máxima da subvención que se vai conceder por vivenda en edificio de tipoloxía residencial colectiva será de 12.000 euros, se na unidade de convivencia da persoa solicitante propietaria ou inquilina, promotora da actuación e residente na vivenda, hai unha persoa con discapacidade, e de 16.000 euros, se a discapacidade da persoa é dalgún dos seguintes tipos: con parálise cerebral, con enfermidade mental, con discapacidade intelectual ou con discapacidade do desenvolvemento, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 % ou con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

2. Para liña B), de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas:

a) A contía máxima da subvención para as actuacións de conservación non poderá superar os 3.000 euros por vivenda e 30 euros por metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos compatibles, cando se solicita só para actuacións de conservación.



b) A contía máxima da subvención para actuacións de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade ou conxuntamente para estas últimas e para actuacións de conservación será 8.000 euros por vivenda e 80 euros por metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos compatibles.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

A axuda máxima para actuacións de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade ou cando se realicen conxuntamente con actuacións de conservación será de 14.000 euros por vivenda, se na unidade de convivencia da persoa propietaria ou inquilina, promotora da actuación e residente na vivenda, hai unha persoa con discapacidade, e de 17.000 euros, se a discapacidade da persoa é dalgún dos seguintes tipos: con parálise cerebral, con enfermidade mental, con discapacidade intelectual ou con discapacidade do desenvolvemento, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 % ou con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

3. Ás axudas unitarias básicas sinaladas inicialmente nos números 1 e 2 deste ordinal poderán sumarse 1.000 euros de axuda unitaria complementaria por vivenda para edificios de tipoloxía residencial colectiva ou en vivendas unifamiliares que estean declaradas ben de interese cultural (en diante, BIC), estean catalogados ou contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Neste caso e se ademais se trata de actuacións da liña A), de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en edificios de tipoloxía residencial colectiva, tamén poderán sumarse 10 euros de axuda unitaria complementaria por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos compatibles.

4. De conformidade co artigo 61 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, as axudas unitarias previstas nos números 1 e 2 deste ordinal incrementaranse nun 25 %, cando as persoas beneficiarias sexan menores de 35 anos e as actuacións se realicen en concellos de menos de 5.000 habitantes. Para estes efectos, tomaranse como referencia as últimas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes publicadas polo Instituto Galego de Estatística na data da publicación da correspondente convocatoria.

5. A contía máxima das subvencións para as liñas A) e B) non poderá superar o 40 % do custo subvencionable da actuación, que se poderá incrementar ata o 75 % do custo



subvencionable, cando os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou inquilina, promotora da actuación e residente na vivenda, sexan inferiores a tres veces o IPREM. Esta porcentaxe aplicarase se da documentación achegada coa solicitude e/ou das consultas efectuadas polo IGVS resultan acreditados uns ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou inquilina, promotora da actuación e residente na vivenda inferiores á citada contía. Así mesmo, esta porcentaxe do 75 % do custo subvencionable tamén se aplicará no caso de actuacións para a mellora da accesibilidade da liña B), se na unidade de convivencia da persoa solicitante, propietaria ou inquilina, promotora da actuación e residente na vivenda hai unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos.

6. Cando as beneficiarias das axudas sexan empresas construtoras, empresas inquilinas ou concesionarias dos edificios, empresas de servizos enerxéticos, así como cooperativas que non estean compostas por agrupacións de persoas propietarias de vivendas ou edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de división horizontal nin por persoas propietarias que conforman comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias constituídas, conforme o disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, a contía da axuda non poderá superar o 40 % do custo subvencionable.

7. Para a determinación da contía da axuda cada vivenda debe contar coa súa referencia catastral propia. Noutro caso, computarase para os efectos da axuda, un edificio como unha única vivenda.

8. No caso de actuacións promovidas por comunidades ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, tramitaranse as subvencións respecto das persoas propietarias ou inquilinas das vivendas, partícipes nas obras e interesadas na subvención, respecto das que se teñan presentado coa solicitude os correspondentes anexos II.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e rematará, en todo caso, no momento de esgotamento do crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación no DOG mediante resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes



de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2019

Heriberto García Porto
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

